

Composta! MORRAZO!

RECOLLIDA SELECTIVA


Dos residuos orgánicos na hostalería



A hostalería do MORRAZO composta, e ti?

QUE É A COMPOSTAXE?

É a maneira de converter os restos de comida e vexetais, que son o 40% da bolsa do lixo, nun fertilizante natural: o compost.



BENEFICIOS AMBIENTAIS

Coa compostaxe do lixo orgánico elimínanse os vertedoiros e a incineración, reducindo as emisións de CO2 pola queima destes residuos.

Ademais, coa compostaxe, obtense un fertilizante natural de alta calidade con excelentes propiedades fertilizantes para o solo.

POR QUE É NECESARIA A RECOLLIDA SELECTIVA DOS RESIDUOS ORGÁNICOS?

A normativa europea e estatal esixen chegar ao 55% na reutilización e na reciclaxe dos residuos domésticos en 2025.

Ademais, a nova lei de residuos de Galicia esixe instaurar antes do 31 de decembro de 2023 a recollida separada dos biorresiduos.

É preciso tomar medidas!

BENEFICIOS ECONÓMICOS

A compostaxe é un sistema de tratamento máis barato que a incineración.

Cada ano a Mancomunidade gasta máis de 1.600.000 euros en incineración (SOGAMA), aumentando o déficit para os concellos do Morrazo.

RESOLVE AS TÚAS DÚBIDAS



Composta!
MORRAZO!

